



Nome Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Por parte dalgúns usuarios da Praza Rodas, e de xeito especial por comerciantes de hostelería, tense plantexado a esta Alcaldía a posibilidade de efectuar o corte de tráfico de dita zona durante a época estival, ó igual que xa se fixo en anteriores ocasións, co fin de garantir a seguridade vial e o acceso a residentes.

Tendo en conta que para elo resulta necesario facer un reparto equitativo do espazo público, que permita ser utilizado de xeito lóxico e proporcional por todos os usuarios da vía, é polo que, visto o informe emitido polo Inspector-Xefe da Policía Local, no que se recolle entre outros aspectos que, de acordo co disposto nos artigos 7, apartado f, e 18 do Real Decreto Lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial polo que se atribuen aos concellos, no ámbito de dita Lei, e entre outras, a competencia para o peche de vías urbanas cando sexa necesario, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle recoñece a vixente lexislación, por medio da presente ten a ben

RESOLVER:

1º.- Que se peche ó tráfico rodado a Praza Rodas dende o próximo día 3 de xuño e ata o 30 de setembro de 2016, ambos inclusive, co obxecto de garantir a seguridade vial, permitindo só o acceso a dita zona por parte de residentes para entrada a garaxes.

2º.- Habilitar en todo caso o acceso á citada Praza Rodas dos vehículos que circulen en servizo de urxencia, debendo realizarse dita entrada dende a Praza da Leña, para o que se procederá por parte da Xefatura da Policía Local a efectuar e sinalizar os cambios que resulten necesarios aos indicados efectos.

3º.- Que se publique a referida información, tanto no B.O.P. de Pontevedra como na páxina web do Concello, dándosele tamén a máxima difusión a través dos diferentes medios de comunicación; e,

4º.- Que se lle dea traslado da presente Resolución á Xefatura da Policía Local, mediante copia, e se remita comunicación expresa aos diferentes servizos de seguridade: Bombeiros, Protección Civil, Urxencias Médicas 061, Emerxencias 112, Garda Civil, Corpo Nacional de Policía e Policía Autónoma, para o seu coñecemento e cumprimento.

En Cambados, a 26 de maio de 2.016


Alcaldesa
Asdo: ~~Rafael~~ ~~Abal~~ Roma


Secretario Xeral
Asdo: Francisco Javier Oubiña Lodeiro